

## EXPLICACIÓN CUESTIONARIO PREPARACIÓN REFLEXIÓN KARL MARX

### HISTORIA. DIALÉCTICA:

**Marx** pretende levar a cabo un **estudo científico da Historia**, tratando de descubrir as **leis** que rixen o **devir histórico**. Marx recoñece explicitamente a influencia que exerceu sobre o seu pensamento a lectura de A orixe das especies (1859) de **Charles Darwin**. Segundo Marx, o mérito de Darwin reside en que da conta das leis da evolución biolóxica, a saber, a loita pola vida e a selección natural na forma de supervivencia das especies mellor adaptadas ao medio ambiente. Do mesmo xeito que Darwin foi capaz de descubrir os mecanismos que gobernan a evolución das especies, **Marx** pretenderá atopar as **leis** que rixen a **evolución histórica** da humanidade. A concepción marxista da Historia é **dialéctica**: concibe a **Historia** como un **proceso** ou **devir** que é produto dunha **oposición** ou **contradicción**. Esa oposición é o **antagonismo de clases** que en todos os períodos históricos se traduce nunha **loita de clases**. Precisamente, a loita de clases é o **motor da Historia**, o factor determinante dos cambios históricos. Deste xeito, a Historia será concebida como o paso dun **modo de produción** (ou dunha **formación social**) a outro, a saber, a sucesión de diferentes modos de produción: escravista, feudal, capitalista e, finalmente, comunista.

### CLASES SOCIAIS:

Marx concede unha enorme importancia ás **clases sociais** no **devir histórico**. Por tanto, non son as persoas individualmente nin sequera os líderes quen fan a historia, senón as **masas**, as **forzas sociais** comprometidas (involucradas, implicadas) na loita de clases. O pensador alemán afirma que non é mérito seu descubrir a existencia das clases sociais, pero sí o de percatarse de que son as clases sociais as que fan avanzar a historia. Segundo Marx, unha **clase social** defínese, entre outras características, en base ao lugar que ocupa na **infraestrutura** ou **estrutura económica** dunha específica formación social. Esa ubicación na **base económica** da sociedade ven dada en función dos **medios de produción**. En todo modo de produción, a estrutura social básica divídese, *grosso modo*, entre propietarios e non propietarios dos medios de produción. As análises de Marx levan á conclusión de que en toda **sociedade de clases**, os **propietarios dos medios de produción** son as clases explotadoras e os **non-propietarios**, son os produtores, a forza de traballo humana, as clases explotadas. Por este motivo, a loita de clases dáse sempre entre as **clases explotadas** e as **clases explotadoras**. Na época de Marx, este considera que a sociedade escíndese en dúas grandes clases antagónicas: burguesía e proletariado.

### TRABALLO. PRAXIS:

Marx considera que mediante o **traballo** a **especie humana** foi capaz de independizarse progresivamente da **natureza**, xa que mediante o labor produtivo o home foi quen de dominar, controlar e transformar os recursos da natureza para satisfacer as súas necesidades. En opinión de Marx só o ser humano é quen de levar a cabo un traballo, no sentido en que é o único animal capaz de modificar substancialmente o entorno natural para poñelo ao seu servizo. Ningún animal é capaz de facer isto á escala en que o leva a cabo o ser humano, opina Marx. Ademais, esta actividade de **transformación da natureza** é **colectiva** e non individual: o traballo é sempre traballo social. Segundo Marx, o traballo é unha **actividade especificamente humana**; é a actividade que nos converte en humanos. Por tanto, grazas ao traballo o ser humano convértese nun **ser prático ou activo** (praxis, actividade): un ser capaz de modificar a natureza mediante a súa actividade produtiva. O

home non só é un ser prático por ser quen de **transformar** o seu **entorno natural**, senón que tamén é quen de **transformar** a **sociedade** mediante unha **praxe revolucionaria**. Esta acción revolucionaria tamén é colectiva, son as masas quen fan a Historia (como xa dixemos anteriormente).

### **CAPITALISMO. ALIENACIÓN:**

Marx enfoca a análise do **traballo** dende dúas ópticas históricas diferentes, pero complementarias, a saber, en relación á **especie humana**, o traballo significou a **independencia** do home respecto da **natureza**; e en relación ás **clases sociais**, o traballo como **producción** na base económica dunha sociedade de clases implica **explotación**. Por tanto, en Marx, o traballo ten unha dobre dimensión: de **emancipación** para a especie humana respecto da natureza e de **explotación** das clases traballadoras por parte dos propietarios dos medios de produción en todas as sociedades de clases. Isto último tamén é certo se falamos da **sociedade burguesa capitalista**, un concreto modo de produción (ou formación social) baseado na *explotación do home polo home* (en palabras de Marx). Un dos conceptos clave que manexa Marx á hora de analizar a produción no sistema capitalista é a **alienación**. Os obreiros, ao carecer de propiedades, atópanse nunha situación de dependencia respecto do burgués capitalista, propietario dos medios de produción. Para sobrevivir, a clase traballadora vese obrigada a vender a súa **forza de traballo**. A capacidade de levar a cabo un traballo por parte do obreiro convértese nunha **mercancía** que se vende e se compra ao **prezo** do seu **salario**. No seo da produción capitalista, o produtor é desposuído tanto do produto do seu traballo como do propio traballo, que non lle pertencen a el, senón ao propietario dos medios de produción. Marx dirá que o traballador aliena, perde, tanto o froito do seu traballo como o propio traballo que pasan a ser propiedade do capitalista. Incluso, o propio traballador, mentras está no traballo pasa a ser propiedade do capitalista. A condición humana do traballador queda reducida á dun obxecto que, como calquera outra mercancía, véndese e cómprase. Na lóxica capitalista, o propio ser humano na figura do proletario queda degradado a ser unha cousa máis. Consúmase a conversión do suxeito en obxecto: o obreiro é unha mera ferramenta, un instrumento, unha mercancía (**cosificación** ou **reificación**). Por tanto, afirma Marx para superar (eliminar) a **alienación do traballador** é necesario abolir as condicións específicas nas que se leva a cabo o traballo baixo o capitalismo. A raíz da explotación do obreiro radica na **propiedade privada dos medios de produción**. Os comunistas buscan a abolición da propiedade privada para subvertir todo o orde social burgués.

### **IDEOLOXÍA:**

O concepto de ideoloxía en Marx ten varias acepcións. Un dos seus significados ven a ser o de **conxunto de ideas colectivas** (o imaxinario colectivo) dunha sociedade. Dentro da estrutura social, Marx considera que a ideoloxía forma parte da denominada **superestrutura social**. Segundo o pensador alemán, a clase social que controla o proceso de **produción da vida material** (económica), tamén controla o proceso da **produción da vida espiritual** (ideas). Marx asocia a **ideoloxía**, entendida como as ideas (filosóficas, estéticas, morais, políticas, etc.) imperantes nunha sociedade, coa clase social hexemónica. Como sociólogo, Marx considera que as **ideas dominantes** na sociedade sempre son as ideas da **clase dominante** propietaria dos medios de produción e que ten o control da estrutura xurídico-política (Estado) e ideolóxica (ideas) da sociedade.

### **PROLETARIADO. REVOLUCIÓN. SOCIALISMO:**

En terminoloxía marxista, unha **revolución socio-política** é a culminación da **loita de clases**, no sentido en que as clases dominadas derrocan violentamente o *statu quo* establecido

polas clases dominantes. Como diría Marx, unha revolución subvirte todo o orde social establecido (todo o conxunto da organización económica, social, política e ideolóxica da anterior formación social é radicalmente modificado). Marx prefire falar de clases sociais, son as masas, as forzas sociais comprometidas na loita de clases quen protagonizan a revolución. A **revolución industrial** do século XIX foi unha revolución socio-económica que tivo importantes consecuencias socio-políticas, xa que a nova forma de organización burguesa da produción deu pé ao nacemento dunha nova clase social (potencialmente) revolucionaria: o proletariado industrial. Baixo o **modo de produción capitalista** sería o **proletariado** organizado dentro do **movimento obreiro** quen protagonizaría ese proceso revolucionario. Marx considera que toda formación social alberga no seu seo certos rasgos da formación social anterior e outras características da futura formación social que lle sucederá. Isto tamén acontece co capitalismo que leva no seu interior a semente da nova sociedade comunista. As análises de Marx levan á conclusión de que **o modo de produción capitalista** foi quen de socializar a produción como endexamais fixera nunca ningunha formación social anterior na historia. Certamente, é un exército de proletarios quen pon en marcha a maquinaria produtiva da industria capitalista. Pero, esa **socialización da produción** contrasta coa **apropiación individual** por parte do propietario dos medios de produción de toda a riqueza xerada colectivamente. O devir da historia levará a que a socialización da produción se traslade tamén a **socialización dos medios de produción**. Deste xeito, a historia da humanidade dará un salto cualitativo mediante a **propiedade colectiva dos medios de produción** na **sociedade comunista** do porvir.